



**COORDINADORA  
GALEGA DE ONGD**  
para o Desenvolvemento



o traballo das

# **ONGD GALEGAS**

no mundo



**INFORME 2018**

**da Coordinadora Galega de ONGD**

# RECOLLIDA DE DATOS

Emapic

# REDACCIÓN E EDICIÓN

Coordinadora Galega de ONGD

# MAQUETACIÓN E DESEÑO

conxenia.gal

# FOTOGRAFÍAS DA PORTADA

Na portada: Fadila (Elsa Egea, Fundación Educo); Vanada Sharma (María Isabel González, Mans Unidas); Hombelí Bahatía (Sergi Cámara, Fundación Entreculturas); Sara Torres (Pablo Tosco, Oxfam Intermon)

# FINANCIA

Dirección Xeral de Relación Exteriores e coa UE da Xunta de Galicia



---

# CONTIDO

<b>PRESENTACIÓN .....</b>	<b>04</b>
<b>PRINCIPAIS DATOS .....</b>	<b>06</b>
<b>QUEN SOMOS? .....</b>	<b>07</b>
<b>ONDE E EN QUE SECTORES TRABALLAMOS .....</b>	<b>09</b>
<b>BASE SOCIAL.....</b>	<b>15</b>
<b>RECURSOS HUMANOS .....</b>	<b>20</b>
<b>AS MULLERES NAS ONGD .....</b>	<b>24</b>
<b>FONDOS RECIBIDOS.....</b>	<b>26</b>
<b>ONGD QUE PARTICIPARON NO INFORME.....</b>	<b>29</b>

# PRESENTACIÓN

Este estudo ten por obxectivo achegar unha fotografía de quen son e que fan as ONG de Desenvolvemento (ONGD) que forman parte da Coordinadora Galega de ONGD, unha plataforma que aglutina actualmente 46 organizacións que traballan nos ámbitos da cooperación ao desenvolvemento<sup>1</sup>, a acción humanitaria<sup>2</sup> e a educación para o desenvolvemento e a cidadanía global<sup>3</sup>.

A Coordinadora conta con 27 anos de historia e en diferentes momentos analizou, de forma illada, algúns dos aspectos que se abordan neste informe: perfil do voluntariado; países nos que traballan as ONGD; fondos públicos recibidos, etc. Agora, publica un informe completo no que se achega información actualizada sobre a estrutura das organizacións; os proxectos de cooperación internacional que estiveron en marcha en 2017; a actual base social e o persoal contratado das ONGD; e os fondos públicos e privados recibidos en 2016.

Os ámbitos que quedaron fóra da análise son as iniciativas de educación para o desenvolvemento e a cidadanía global que as ONGD levan a cabo en espazos de educación formal, informal e non formal así coma as intervencións de acción social con persoas en situación de vulnerabilidade en Galicia, unha liña de intervención na que tamén traballan algunhas ONGD.

A transparencia e a rendición de contas coa sociedade galega é un dos principios básicos da Coordinadora Galega de ONGD. Baixo este enfoque, publica anualmente as memorias de actividades, dispón dunha ferramenta de transparencia e bo goberno para as organizacións sociais e inaugura o ano 2019 publicando este informe dirixido a calquera persoa ou institución interesada en coñecer o traballo das ONGD galegas e as súas organizacións sociais nos países empobrecidos.


1 Conxunto de accións que realizan gobernos e os seus organismos administrativos, así como entidades da sociedade civil dun determinado país ou conxunto de países, orientadas a mellorar as condicións de vida e impulsar procesos de desenvolvemento en países en situación de vulnerabilidade social, económica e/ou política.  
<https://cartainternacional.abri.org.br/Carta/article/viewFile/416/170>

2 Conxunto de accións de axuda ás vítimas de desastres producidos por catástrofes naturais ou por conflitos armados orientadas a aliviar o seu sufrimento, garantir a súa subsistencia, protexer os seus dereitos fundamentais e defender a súa dignidade. Tamén, frear o proceso de desestruturación socioeconómica da comunidade e preparala ante desastres naturais.  
<http://www.dicc.hegoa.ehu.es/listar/mostrar/1>

3 A Educación para a Cidadanía Global forma parte das pedagogías que pretenden afrontar os grandes retos do século XXI. Os seus contidos identifícanse co tratamento global das desigualdades e a posta en valor da diversidade e están orientados a diferentes públicos e a persoas de todas as idades, sexos e culturas. Lévese a cabo en todos os ámbitos da educación (formal, informal, non formal), tanto en centros educativos regrados (escolas, institutos e universidades) como en espazos de lecer e tempo libre, lugares de traballo, o ámbito familiar, en tecidos asociativos e mesmo nos medios de comunicación.  
<https://galiciasolidaria.org/wp-content/uploads/docs/Plan-Estratexico-2017-2020.pdf>

O informe presenta datos de 2018, 2017 e 2016, anualidades que se indican en cada caso, e conta cunha mostra de 34 das 46 ONGD socias da Coordinadora Galega de ONGD, o 74 %. Na última páxina do informe atópanse os nomes das organizacións que participaron.

A recollida de datos e a representación dos resultados **neste mapa>>>** foi posible gracias a Emapic, un servizo web de xeolocalización de información desenvolvido polo laboratorio cartoLab da Escola de Enxeñería de Camiños, Canais e Portos da Universidade da Coruña. O cartoLAB está especializado no desenvolvemento tecnolóxico en código aberto para a creación, análise e xestión de mapas e cartografía colaborativa.



## PRINCIPAIS DATOS


- En 2017, as ONGD galegas contribuíron a mellorar as condicións de vida de 108.000 persoas de 23 países, principalmente en Centroamérica.
- Impulsáronse 68 proxectos de cooperación internacional ao desenvolvemento cun orzamento de 6,1 millóns de euros que tiveron por obxectivo principal garantir o acceso a dereitos básicos como a educación, a saúde e a auga potable así coma fortalecer a defensa dos dereitos humanos nas comunidades.
- Guatemala é o país con máis presenza das ONGD galegas. En 2017, executáronse 11 proxectos dos cales se beneficiaron máis de 32.000 persoas e investíuse o 23 % do orzamento total.
- Actualmente, máis de 23.000 persoas colaboran coas ONGD galegas.
- As mulleres son o cimento das organizacións: representan o 60 % das persoas asociadas, o 68 % do voluntariado e o 72 % do persoal contratado. Nos postos de máxima responsabilidade, a porcentaxe baixa ao 50 %.
- O perfil máis habitual das 1.628 persoas voluntarias que colabora coas ONGD galegas son mozas de entre 25 e 34 anos.
- Tres de cada catro ONGD galegas contan con persoal contratado en Galicia.
- O 83 % das organizacións teñen sedes nas provincias da Coruña e Pontevedra.
- O groso dos fondos que manexan as ONG de Desenvolvemento depende en maior medida da vontade individual da cidadanía galega que da vontade política das administracións públicas.
- En 2016, un 64 % dos fondos recibidos polas organizacións galegas proviña de mans privadas, principalmente de persoas particulares. O 36 % restante, de orzamentos públicos.

## QUEN SOMOS?

A Coordinadora Galega de ONGD está formada por ONG de Desenvolvemento que traballan en cooperación internacional, acción humanitaria e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global.

A forma xurídica das organizacións divídese entre asociacións e fundacións<sup>4</sup>. Actualmente, o 62 % son asociacións e o 38 %, fundacións.


### Forma xurídica das ONGD



En total, as organizacións contan con 50 sedes repartidas polo territorio galego. A maioría son a sede social e, o resto, sedes locais en concellos onde traballan e teñen parte da súa base social. Como se mostra no mapa, oito de cada dez sedes das ONGD galegas (82 %) atópanse nas provincias da Coruña e Pontevedra. Como acontece coa poboación en Galicia, a maioría das organizacións concéntrase no Eixe Atlántico.

<sup>4</sup> A Lei de Fundacións (Lei 50/2002, de 26 de decembro) define as fundacións como "organizacións constituídas sen fins de lucro que, por vontade das persoas creadoras, teñen afectado de modo duradeiro o seu patrimonio á realización de fins de interese xeral". A Lei Orgánica 1/2002, de 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, dispón no punto 1º do artigo 5: "As asociacións constitúense mediante acordo de tres ou máis persoas físicas ou xurídicas legalmente constituídas, que se comprometen a poñer en común coñecementos medios e actividades para conseguir unhas finalidades lícitas, comúns e de interese xeral". Unha das principais diferencias entre elas é a seu órgano de goberno: nas fundacións é o Padroado, que conta cun número limitado de membros, e no das asociacións é a Asemblea Xeral de socios e socias e a Xunta Directiva, escollida pola Asemblea. Outra das diferencias é que no caso das asociacións non é necesario un patrimonio para a súa constitución.

## Sedes das ONGD galegas



En relación á súa orixe, as ONGD poden dividirse en dous grupos. Por unha banda, as organizacións que naceron en Galicia e manteñen aquí a súa sede central (35 %) e, pola outra, as que teñen implantación a nivel estatal e dispoñen dunha delegación territorial en Galicia (65 %). No primeiro caso, atopamos organizacións como Ecos do Sur, Natura Hispánica e Solidariedade Galega, entidades con longa traxectoria e presenza exclusiva en Galicia. E, no segundo, ONGD con implantación territorial en distintas comunidades autónomas coma a Fundación Entreculturas, a ONG Cooperación Internacional e a Fundación Jóvenes y Desarrollo.

Ao poñer atención no ano de constitución das organizacións, conclúese que ata o 70 % das ONGD galegas que participaron no informe se fundaron na década dos noventa, a época das acampadas polo 0,7 en Galicia e no resto do Estado, un momento histórico no que a cidadanía durmiu e conviviu nas prazas das principais cidades reclamando que os gobernos destinaran o 0,7% do seu orzamento á Axuda Oficial ao Desenvolvemento. Uns anos nos que viron a luz moitas organizacións como a Fundación Interred, Ecodesarrollo Gaia e a Asociación PROYDE. As ONGD que naceron a partir do século XXI representan o 30 % do total. Algunhas delas son Viraventos, Mestura, Fundación Balms, a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios e, a máis recente de todas, Semilla para el Cambio.



## ONDE E EN QUE SECTORES TRABALLAMOS

Un dos principais ámbitos de actuación das ONGD é a cooperación ao desenvolvemento e a acción humanitaria en países empobrecidos. Do total de ONGD que participaron no informe, un 67 % tivo en marcha proxectos en 2017. O resto, ben por falta de fondos ou porque decidiron centrar a súa estratexia de traballo en procesos de educación ou de intervención social en Galicia, non contou con iniciativas de cooperación no exterior.

En 2017, as ONGD galegas analizadas levaron a cabo 68 proxectos en 23 países de África, América Latina e Asia. No marco destes proxectos contribuíuse a mellorar as condicións de vida de 108.525 persoas (64 % mulleres; 36 % homes).


O custe das intervencións foi de 6.123.000 euros, unha cifra que responde ao orzamento total dos 68 proxectos, algúns dos cales tiveron unha duración de varios meses e outros, en cambio, empezaron a executarse en 2016 ou remataron en 2018. Así, os 6,1 millóns de euros son o custe total das iniciativas que estaban en marcha en 2017 e non os fondos executados exclusivamente ese ano. As organizacións cun maior orzamento para proxectos de cooperación exterior en 2017 foron Asemblea de Cooperación pola Paz, a Fundación Taller de Solidaridad, Enxeñería sen Fronteiras, Farmacéuticos Mundi e Médicos do Mundo.

**Neste enlace>>>**, un mapa interactivo permite atopar e ver información sobre as ONGD galegas e os seus proxectos en 2017. No mapa, poden agruparse os proxectos por proximidade entre eles, por países ou por rexións; identificar individualmente os datos dun proxecto; e facer búsquedas para localizar por países e rexións os proxectos existentes.


### ZONAS XEOGRÁFICAS

Centroamérica e o Caribe é, con diferenza, a zona xeográfica que contou con maior presenza da cooperación galega. En 2017, ata un 44 % dos proxectos (30) e un 65 % dos fondos (4 millóns de euros) foron executados na rexión da man de organizacións como Arquitectura sen Fronteiras, Fundación Fabre, Solidariedade Internacional de Galicia e Enxeñería sen Fronteiras.

## Zonas xeográficas e número de proxectos



## Zonas xeográficas e fondos executados



\* Nestes gráficos non se tiveron en conta os dous proxectos que se executaron no sur de México en 2017.

O continente africano ocupa a segunda posición co 24 % dos proxectos executados (16) e o 16 % do orzamento total (972.000 euros). En África, as ONGD galegas traballaron en 11 países, dos cales, 10 contan cun Índice de Desenvolvemento Humano (IDH) baixo. O IDH é un indicador elaborado polas Nacións Unidas que, tendo en conta aspectos como a esperanza de vida, a taxa de alfabetización das persoas adultas e o PIB per cápita, clasifica o desenvolvemento humano dos países en catro categorías: moi alto, alto, medio e baixo. Actualmente, países como a República Centroafricana, Níxer, Guinea Bissau ou Burkina Faso, algúns con presenza de ONGD galegas en 2017, ocupan os último postos da clasificación do IDH.

Pola súa banda, Asia sitúase na terceira posición en número de proxectos executados, o 13 % do total (9), pero baixa ata a última posición en termos de inversión: o 2 % (141.524 euros). Esta diferenza dáse pola alta concentración de pequenos proxectos na India, especialmente, por parte das ONGD Mi Perú e Semilla para el Cambio que, en total, levaron a cabo oito iniciativas en 2017.

América do Sur ocupa a cuarta posición en número de intervencións co 10 % (7) e sube ao terceiro posto en fondos executados, co 11 % do total (660.032 euros). Esta zona xeográfica perdeu presenza de ONGD galegas os últimos anos a medida que Centroamérica a foi gañando. Aínda

así, organizacións como a Fundación Taller de Solidariedade e a Fundación Entreculturas permaneceron traballando na rexión os último cinco anos.

Por último, Oriente Medio é a zona xeográfica con menos proxectos executados en 2017 co 6 % do total (4) e ocupa o cuarto lugar, por diante de Asia, en termos de custe das intervencións: 4 % (267.745 euros). Líbano, Siria e Palestina son os territorios onde en 2017 traballaron organizacións como Médicos do Mundo e a ONGD Aida.

## PAÍSES

Na lista de países con máis presenza de ONGD galegas, Guatemala está na cabeza co 23% do orzamento total executado e 11 proxectos en marcha dos cales se beneficiaron máis de 32.000 persoas. Arquitectura sen Fronteiras, Asociación PROYDE, Solidariedade Internacional de Galicia, Fundación Fabre e Farmacéuticos Mundi foron as cinco organizacións encargadas de levar a cabo estas intervencións. No segundo lugar da lista en canto a número de proxectos executados atópase India con 9 intervencións, Nicaragua con 8, Honduras e Perú con 5 cada un e O Salvador, con 4.

En canto aos fondos invertidos por países, detrás de Guatemala sitúanse O Salvador e Nicaragua concentrando o 13 % dos fondos cada un. Só nestes dous países traballaron o 26 % das ONGD galegas analizadas entre as cales se atopan Mans Unidas, Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, Amigos da Terra e a Fundación SEMG Solidaria, organizacións diversas en canto ao seu tamaño, orixe e especialización nas áreas de traballo e intervención.

No terceiro lugar da lista de países con máis peso orzamentario atópanse Perú e Honduras cun 10 % do orzamento total cada un. Neste último país, unha única organización, Enxeñería sen Fronteiras, levou a cabo ata 5 proxectos en 2017 no que constitúe un exemplo claro da especialización e concentración pola que optan algunhas organizacións nas iniciativas de cooperación ao desenvolvemento.

A continuación, un mapa ofrece información dos proxectos executados en 2017 polas ONGD galegas. Por cada país, indícase o número de intervencións, o de persoas beneficiarias e o orzamento total dos proxectos. Tamén, as ONGD responsables das iniciativas que, nalgúns casos, traballaron agrupadas en consorcio con outras entidades co obxectivo de poñer ao servizo dos proxectos a especialización e experiencia de cada unha. Esta fórmula de traballo constitúe unha característica propia da cooperación galega e, en 2017, ata un 23% dos proxectos analizados neste informe foron consorcios entre ONGD e entre universidades e ONGD.



**MÉXICO**

- 2 proxectos
- 57.178 €
- 1.830 persoas beneficiarias

entreculturas

**GUATEMALA**

- 11 proxectos
- 1.436.235€
- 32.140 persoas beneficiarias

Arquitectura Sin Fronteras

**O SALVADOR**

- 4 proxectos
- 822.100 €
- 4.007 persoas beneficiarias

agareso

**HONDURAS**

- 5 proxectos
- 588.959 €
- 7.030 persoas beneficiarias

Erreñería Sin Fronteras

**NICARAGUA**

- 8 proxectos
- 783.295 €
- 5.059 persoas beneficiarias

entreculturas

**COLOMBIA**

- 2 proxectos
- 59.342 €
- 135 persoas beneficiarias

Balms

**REPÚBLICA DOMINICANA**

- 2 proxectos
- 394.260 €
- 3.154 persoas beneficiarias

Balms

**SÁHARA OCCIDENTAL**

- 1 proxectos
- 5.500 €
- 800 persoas beneficiarias

SEMIG

**SENEGAL**

- 1 proxectos
- 23.522 €
- 4.025 persoas beneficiarias

entreculturas

**GUINEA BISSAU**

- 3 proxectos
- 306.642 €
- 2.292 persoas beneficiarias

AIDA

**BURKINA FASO**

- 2 proxectos
- 5.637 €
- 611 persoas beneficiarias

entreculturas

**ANGOLA**

- 1 proxecto
- 102.200 €
- 925 persoas beneficiarias

MÉDICOS DO MUNDO

**PERÚ**

- 5 proxectos
- 600.690 €
- 1.313 persoas beneficiarias

Balms

**PALESTINA**

- 1 proxectos
- 73.700 €
- 801 persoas beneficiarias

MÉDICOS DO MUNDO

**LÍBANO**

- 2 proxectos
- 104.362 €
- 627 persoas beneficiarias

AIDA

**SIRIA**

- 2 proxectos
- 89.683 €
- 15.954 persoas beneficiarias

entreculturas

**R. DEMOCRÁTICA DO CONGO**

- 2 proxectos
- 43.585 €
- 200 persoas beneficiarias

Balms

**UGANDA**

- 1 proxectos
- 25.500 €
- 290 persoas beneficiarias

COOPERACIÓN INTERNACIONAL

**QUENIA**

- 1 proxectos
- 53.657 €
- 4.900 persoas beneficiarias

FARMA MUNDI

**MOZAMBIQUE**

- 1 proxectos
- 277.973 €
- 540 persoas beneficiarias

MÉDICOS DO MUNDO

**SUDÁN DO SUR**

- 2 proxectos
- 123.792 €
- 15.172 persoas beneficiarias

entreculturas

**INDIA**

- 9 proxectos
- 141.524 €
- 6.729 persoas beneficiarias

entreculturas

**ETIOPIA**

- 1 proxecto
- 4.000 €

entreculturas

**68**  
proxectos

**23**  
países

**108.525**  
persoas beneficiarias (64% mulleres; 36% homes)

**6.123.000 €**  
orçamento

## PRINCIPAIS SECTORES DE TRABALLO

As principais liñas de intervención dos 68 proxectos localizados no mapa foron a promoción do acceso a servizos básicos (educación, saúde, auga e saneamento...), o apoio a iniciativas de agricultura e pesca e proxectos para garantir os dereitos humanos nas comunidades.

No gráfico que se achega a continuación móstranse os principais sectores de intervención dos 68 proxectos executados en 2017 polas ONGD galegas. Estes sectores veñen definidos polo Comité de Axuda ao Desenvolvemento (CAD) da Organización para a Cooperación e o Desenvolvemento Económico (OCDE).


### Principais sectores de traballo dos proxectos



## POBOACIÓN DESTINATARIA

A poboación destinataria e beneficiaria dos proxectos das ONGD galegas foron 108.525 persoas a maioría das cales, mulleres: o 64 % do total. A meirande parte das ONGD traballan con distintos perfís de poboación nos seus proxectos. En 2017, os máis habituais foron a infancia (47 %), a poboación rural (44 %), seguida das familias e as mulleres (32 % cada un), a xuventude (26 %) e a poboación indíxena e/ou minorías étnicas (21 %).

### Poboación destinataria dos proxectos




## BASE SOCIAL

O apoio cidadá é fundamental para o traballo das organizacións de cooperación internacional. En Galicia, máis de 23.000 persoas colaboran de forma directa coas ONGD.

### PERSOAS ASOCIADAS

As persoas socias son as que apoian economicamente ás organizacións pero non todas as entidades contan con esta figura nos seus estatutos como é o caso dalgunhas fundacións. Actualmente, as ONGD galegas analizadas neste informe contan con 21.422 persoas na súa base social, das cales o 60 % (12.849 persoas) son mulleres.

#### Persoas socias nas ONGD galegas




A media de persoas socias por organización é de 630, pero ao analizar os datos por tramos, o resultado amosa unha fotografía máis nítida sobre a súa distribución nas ONGD galegas.

Da mostra de 34 ONGD, 32 contan con base social. Destas, máis da metade teñen menos de 100 persoas socias: un 29 % teñen ata 50 persoas e un 24 %, entre 51 e 100. Este dato corresponde tanto a ONGD con presenza exclusiva en Galicia como con organizacións estatais con delegacións territoriais. Así, esas porcentaxes inclúen a entidades galegas como Ecodesarrollo Gaia e a ONGD Mestura e organizacións con presenza en distintos puntos do Estado como a Fundación Madreselva, a Asociación Amigos da Terra e a Fundación Internacional de Solidaridad Compañía de María.

Por outra banda, un 27 % de ONGD ten entre 101 e 500 persoas socias e, un 6 %, entre 500 e 1.000. Por último, un 15 % contan cunha base social de máis de 1.000 persoas. Son organizacións grandes, con presenza en todo o Estado, e nalgúns casos internacional, como Oxfam Intermon, Mans Unidas, Médicos do Mundo, Fundación Educo e Fundación Axuda en Acción.

### Tamaño das ONGD galegas segundo a base social






## VOLUNTARIADO

O voluntariado<sup>5</sup> é unha peza clave e indispensable das ONG de Desenvolvemento. En Galicia, 1.628 persoas participan de forma solidaria no día a día das organizacións analizadas neste informe. Un 68 % son mulleres.

### Voluntariado nas ONGD galegas




Ao preguntar polo rango maioritario do seu voluntariado, as ONGD consultadas responderon que este varía en función do sexo das persoas. No caso das mulleres, que representan ata o 68 % do total do voluntariado en Galicia, o perfil máis habitual son mozas de entre 25 e 34 anos. Así o afirmaron ata o 47 % das ONGD. En cambio, no caso dos homes voluntarios, o perfil maioritario é de 55 anos en adiante, segundo responderon ata a metade das entidades.

<sup>5</sup> Segundo a Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado, é conxunto de actividades de interese xeral desenvolvidas por persoas físicas e con carácter solidario. A súa realización será libre, sen que a súa causa sexa unha obrigaón persoal ou deber xurídico; levarase a cabo sen contraprestación económica ou material (sen prexuízo do abono dos gastos reembolsables polo desempño da acción voluntaria) e desenvolverase a través de entidades de voluntariado de acordo co establecido no artigo 12.2.d).

Por outra banda, todas as ONGD galegas coinciden en que, en ningún caso, o perfil maioritario das persoas voluntarias, tanto en homes como en mulleres, ten entre 35 e 54 anos. Segundo confirmaron, neste tramo de idade é máis difícil contar con voluntariado permanente, entre outras cousas, porque é un momento vital no que as persoas adoitan dedicar unha importante parte do seu tempo á vida laboral e ao traballo de coidados.

### Perfil maioritario do voluntariado das ONGD galegas (idade e sexo)




Na análise da distribución do voluntariado nas organizacións, a maioría (58 %) contan con 25 persoas, ou menos, nos seus equipos de voluntariado. Igual que na análise das persoas asociadas, este dato corresponde tanto a ONGD con presenza exclusiva en Galicia como a organizacións estatais con delegacións territoriais. É o caso de ONGD galegas como Viraventos e Implicadas no Desenvolvemento e entidades con presenza en distintos puntos do Estado como Fundación Interred, Asemblea de Cooperación pola Paz e a Fundación SEMG Solidaria.

Por outro lado, un 30 % das ONGD, como é o caso de Amigos da Terra e Semilla para el Cambio, teñen nos seus equipos de voluntariado entre 26 e 100 persoas. Por último, un 12 %, entre as cales se atopan Terra de Homes e Mans Unidas, contan con máis de 100.

Como se aprecia nestes datos, o número de persoas voluntarias que participan nas ONGD non se corresponde unicamente ao tamaño ou á orixe das organizacións, se non á aposta que cada entidade fai por contar con equipos de voluntariado encargados de levar a cabo unha parte do traballo solidario das organizacións.

### Tamaño das ONGD galegas segundo o voluntariado




Actualmente, as ONGD que participaron no informe contan con grupos de voluntariado nas sete principais cidades (A Coruña, Compostela, Ferrol, Ourense, Pontevedra, Lugo e Vigo) e en vilas como A Estrada, Allariz, Cangas do Morrazo, Meicende, etc. Na web [www.galiciasolidaria.org](http://www.galiciasolidaria.org) achégase información detallada dos lugares e o tipo de voluntariado que acollen as ONGD galegas.

## RECURSOS HUMANOS

Actualmente, 105 persoas traballan nas 34 ONGD que participaron no informe. De novo, as mulleres son as que teñen unha maior presenza nos postos remunerados: un 72 % fronte ao 28 % de homes. Non todas as persoas contratadas teñen dedicación exclusiva a tarefas vinculadas coa cooperación ao desenvolvemento. Entre o cento de persoas contratadas atópase tamén persoal administrativo, responsables de comunicación, avogados e avogadas, traballadores e traballadoras sociais, etc. Persoal que desenvolve o traballo nas distintas liñas de intervención das organizacións.

### Persoas contratadas nas ONGD galegas




Tres de cada catro ONGD contan con persoal contratado en Galicia. Isto débese á progresiva profesionalización do sector e á necesidade de apostar por perfís específicos e especializados para a execución das liñas de traballo das entidades. As ONGD sen equipos técnicos contratados representan o 26 % do total e corresponden a organizacións pequenas (en canto a orzamento, número de proxectos, persoas voluntarias...) ou entidades que teñen delegacións compartidas con outras comunidades autónomas como Asturias ou Castela e León, territorios onde si contan con persoal contratado.

Por tramos de idades, a maioría dos equipos técnicos das ONGD teñen entre 35 e 44 anos (a franxa de idade que menos presenza ten no voluntariado das organizacións): un 61 % das mulleres e un 34 % dos homes.

Por outra banda, as mulleres contratadas nas ONGD galegas son máis novas ca os homes: un 26 % ten menos de 34 anos. Pola contra, nas franxas de idade de máis de 45 anos, elas só representan un 13 % fronte ao 41 % dos homes.


### Perfil das persoas contratadas nas ONGD galegas



As condicións laborais dos homes e das mulleres que traballan nas ONGD analizadas no informe son parecidas. Predominan os contratos temporais (54 % das mulleres; 52 % dos homes) e as xornadas parciais son maioría (55 % das mulleres; 59 % dos homes).

Estes datos amosan unha realidade que afecta ao sector das ONGD así coma a moitos outros do ámbito social e cunha alta feminización: a precariedade das condicións laborais. A forte dependencia de fondos públicos dalgunhas entidades e o feito que os proxectos que financian as administracións públicas sexan limitados no tempo (así coma os contratos do persoal contratado responsable da súa execución e seguimento) son algúns dos motivos que explican as actuais condicións laborais do persoal técnico das ONGD galegas.


## Tipos de contrato nas ONGD galegas



## PERFIL DAS PERSOAS CON MÁXIMA REPRESENTACIÓN


As ONGD contan cunha persoa de máxima representación. Nas asociacións, corresponde a quen ocupa o cargo de presidencia da Xunta Directiva escollida pola Asemblea e, nas federacións, á persoa delegada escollida polo Padroado. A división por sexos neste caso é paritaria: homes e mulleres ostentan a partes iguais o cargo de máxima responsabilidade. Este reparto mudou respecto a hai seis anos, momento no que había máis homes ca mulleres nos cargos de máxima representación das ONGD galegas (un 56 % fronte ao 44 % de mulleres). Aínda así, o actual reparto ao 50 % non é equitativo ao ter en conta a gran feminización do sector e o papel indispensable que as mulleres desenvolven nas ONGD dende distintos roles e responsabilidades.

## Perfil das persoas representantes das ONGD galegas



Por outra banda, os perfís de idade de homes e mulleres que ocupan as presidenciais e os postos de delegación son diferentes. Como no caso do persoal contratado, as mulleres son máis novas ca os homes: un 53 % das mulleres que ocupan o cargo de presidenta ou delegada ten menos de 44 anos fronte ao 24 % dos homes. En cambio, un 47 % dos homes nos postos de máxima representación ten máis de 55 anos, unha porcentaxe que no caso das mulleres descende ao 30%.

## Idades e sexo das persoas representantes das ONGD galegas



## AS MULLERES NAS ONGD

As mulleres constitúen o 70 % das persoas que viven en situación de extrema pobreza no mundo. Malia que realizan dúas terceiras partes do traballo a nivel mundial, só reciben o 10 % dos ingresos. Unha de cada tres mulleres ten sufrido violencia física, sexual ou psicolóxica. E 800 morren cada día por causas previsibles relacionadas co parto e o embarazo. Neste contexto global de desigualdades, pobreza, opresión e violencias traballan as ONGD galegas xunto a colectivos feministas, asociacións de mulleres e organizacións sociais dos países empobrecidos co obxectivo de contribuír a garantir o cumprimento dos dereitos humanos e de promover sociedades xustas e igualitarias. O 64 % das persoas destinatarias e beneficiarias dos proxectos de cooperación internacional das ONGD galegas en 2017 foron mulleres.

Hoxe, as mulleres seguen a ter menos oportunidades que os homes para participar na vida pública e política e están infrarrepresentadas nos espazos e postos de toma de decisións. Ao poñer o foco nas ONGD galegas, compróbase que as mulleres son imprescindibles para o funcionamento das organizacións e representan a meirande parte das persoas socias (60 %), voluntarias (68 %) e traballadoras (72 %). Aínda así, a gran feminización do sector -un feito que pode relacionarse cos roles reprodutivos e de coidados asumidos tradicionalmente polas mulleres- non se ve reflectida nos postos de dirección: só a metade das presidencias e postos de máxima representación están ocupados por mulleres, unha proporción maior que noutros sectores pero que está por debaixo do peso real que elas teñen nas ONGD. Este dato exemplifica o "teito de cristal" polo que as mulleres teñen máis obstáculos (invisibles) que os homes para acceder a postos de maior responsabilidade. E pon de relevo a necesidade de contar con instrumentos coma a ferramenta de transparencia e bo goberno da Coordinadora Galega de ONGD que incorpora medidas de acción positiva para corrixir este tipo de desigualdades. Unha delas é a que establece que a proporción de mulleres nos órganos de goberno das entidades debe ser "igual ou superior ao 40 %". Uns mínimos que actualmente non esixen a paridade.

A falta de representación equitativa nos postos de toma de decisións é unha das innumerables consecuencias das desigualdades estruturais xeradas polo patriarcado, un concepto que as feministas comunitarias de Bolivia definen como "o sistema de todas as opresións, todas as violencias e todas as discriminacións que vive a humanidade e a natureza, construído historicamente sobre o corpo das mulleres".



No artigo *Las resistencias al género en el desarrollo: brechas entre discursos y prácticas de las ONG de desarrollo*<sup>6</sup> a autora, Lorena Pajares Sánchez, pregúntase “se ningún aspecto da vida humana escapa das desigualdades [de xénero], por que habería de ser diferente nas nosas organizacións non gobernamentais ao desenvolvemento (ONGD)?”.

Neste artigo, a autora defende que malia que nos últimos anos as organizacións teñen incorporado o xénero como principio e como ferramenta para dotar de maior eficacia e eficiencia os proxectos de cooperación ao desenvolvemento, aínda son moitas as resistencias para incorporar a transversalización do xénero no interno das ONGD. Pon algúns exemplos nas dinámicas de traballo como a falta de existencia de plans de igualdade (ou plans que non se poñen en marcha); a falta de voces e participación de mulleres en espazo de toma de decisións; a invisibilización, ou non visibilización, dos traballos reprodutivos e de coidados; e as cargas de traballo excesivas que non permiten a aplicación, por exemplo, de políticas de maternidade. Pajares asegura que estamos ante unha “ampla pero aínda invisible fenda entre os discursos e as praxis das organizacións respecto ao xénero”. E propón “romper coa crenza de que as ONGD son estruturas inmunes aos estereotipos de xénero” así como “visibilizar o androcentrismo que atravesaba a cultura de toda organización” co obxectivo de xerar estratexias cara a “unha axenda de desenvolvemento que coloque o xénero no centro”.

Como se reflicte no informe, as ONGD galegas son heteroxéneas e, os últimos anos, deron pasos diversos e máis ou menos significativos (como o resto da sociedade) para traballar dende o enfoque de xénero e baixo valores feministas. Un camiño que non é posible sen o coñecemento e recoñecemento da teoría de xénero<sup>7</sup> por parte das persoas que conforman as organizacións.

Actualmente, as mulleres novas son maioría entre o voluntariado das ONGD galegas e representan 1 de cada 4 traballadoras. Estes datos contrastan cos da maioría dos homes voluntarios, que teñen máis de 55 anos, e cos do 40 % dos traballadores, que superan os 45 anos. Unha diferenza que está a marcar un cambio xeracional nas organizacións e que, sen dúbida, ofrece unha oportunidade para que as ONGD reflexionen (dende outras miradas, experiencias e expectativas) sobre o camiño que queda por andar para que o enfoque de xénero se asuma dende as raíces e o núcleo das organizacións.

6 [https://www.ucm.es/data/cont/media/www/pag-82464/Indice\\_REDC39.pdf](https://www.ucm.es/data/cont/media/www/pag-82464/Indice_REDC39.pdf)

7 <http://www.dicc.hegoa.ehu.es/Listar/mostrar/108>


## FONDOS RECIBIDOS

A evolución dos ingresos das ONGD veu marcada dende 2010 polos recortes nos orzamentos de Axuda Oficial ao Desenvolvemento das administracións públicas e, en menor medida, polos efectos da crise económica nas doazóns das persoas particulares.

A partir de 2010, os recortes acumulados de máis do 52 % nos orzamento da política pública de cooperación da Xunta de Galicia traducíronse na redución dos fondos destinados ás subvencións públicas dirixidas a ONGD e na diminución de proxectos executados.

Neste contexto, en 2016<sup>8</sup> as ONGD galegas ingresaron 10,7 millóns de euros dos cales, un 64 % proveu de fondos privados e, un 36 %, de financiamento público.

### Fondos obtidos polas ONGD galegas en 2016



Ao analizar o reparto destes fondos entre as organizacións destaca que ata un 57 % das ONGD participantes no informe dependeron maioritariamente de ingresos procedentes de particulares para poder desenvolver o seu traballo fronte ao 43 % que xestionou, principalmente, fondos procedentes das administracións públicas.


<sup>8</sup> Neste apartado a mostra é sobre 30 ONGD, non sobre 34 como no resto do informe. Achéganse datos dos fondos que ingresaron as organizacións galegas en 2016 porque nas datas de recompilación da información, os balances e as contas de resultados de 2017 das organizacións aínda non estaban aprobados oficialmente.

Ao desagregar estes datos, emerxen os dous polos opostos. Por unha banda, as ONGD que contaron con altos ingresos privados procedentes, maioritariamente, das cotas das persoas asociadas e, pola outra, as organizacións que teñen unha gran dependencia de fondos públicos. No primeiro caso atópanse os exemplos das fundacións Axuda en Acción, Oxfam Intermon e Educo, entidades que contan cun alto número de socios e socias e que en 2016 ingresaron mediante esta vía un total de 3,5 millóns de euros. No caso das ONGD con gran dependencia de fondos públicos, Asemblea de Cooperación pola Paz, a Asociación Galega de Reporteiros Solidarios, Enxeñería sen Fronteiras e Arquitectura sen Fronteiras son exemplos de organizacións que ingresaron máis do 80 % dos seus fondos a través do financiamento público. En total, 3 de cada 10 organizacións que participaron no informe se atopan nesta mesma situación.

Aínda así, os fondos públicos recadados en 2016 polas ONGD galegas repartíronse de xeito máis igualitario que os fondos privados. Por un lado, as entidades con capacidade de ingresar grandes cantidades de diñeiro procedentes de mans particulares foron poucas: só un 20 % recadou máis de 100.000 euros de fondos privados ese ano. En cambio, practicamente a metade das ONGD (47 %) ingresou máis de 100.000 euros a través de fondos públicos aínda que a cifra total concedida polas administracións públicas (3,8 millóns de euros) foi bastante máis baixa que a recadada de mans privadas (6,9 millóns de euros).


Como se observa no gráfico que se adxunta a continuación, ao analizar a orixe dos fondos privados recibidos polas ONGD galegas destaca que, como se mencionou anteriormente, a maioría, un 63 %, procede de persoas particulares (asociadas e doazóns puntuais) e un 29 % de entidades privadas. Moito menor é a recadación mediante a venda de produtos de comercio xusto e merchandising (5 %).

### Fondos privados obtidos polas ONGD galegas en 2016



Os fondos públicos que ingresaron as ONGD galegas para levar a cabo proxectos de cooperación ao desenvolvemento, acción humanitaria e educación para o desenvolvemento e a cidadanía global en 2016 foron 3,8 millóns de euros. Como se observa no gráfico que se achega a continuación, a maioría dos fondos proviñan da Xunta de Galicia (59 %); seguida da administración xeral do Estado (15 %); das administracións locais galegas (10 %); doutros gobernos autonómicos (9 %), principalmente cos dos territorios coas que algunhas ONGD teñen sede compartida; e de entes locais de fóra do territorio galego (7 %). Os organismos internacionais só representaron o 1 %.

### Fondos públicos obtidos polas ONGD galegas en 2016



Como se observa, a Xunta de Galicia é o principal financeiro público das organizacións galegas pero, aínda así, no cómputo global dos ingresos rexistrados en 2016 polas ONGD, só representa o 21 % do total.

Cabe destacar que a política pública local de cooperación ao desenvolvemento en Galicia é moi débil, especialmente ao comparala coa doutros territorios do Estado. Aínda así, dende hai uns anos, concellos como os de Lugo e o Fondo Galego de Cooperación, así coma a Deputación da Coruña e Concello de Santiago, máis recentemente, contan con convocatorias de subvencións dirixidas a ONGD.

En conclusión, e segundo os datos expostos neste informe, actualmente o apoio cidadá va por diante dos compromisos públicos. Así, o groso dos fondos que manexan as ONG de Desenvolvemento galegas depende máis da vontade individual da cidadanía galega que da vontade política das administracións públicas.

## ONGD QUE PARTICIPARON NO INFORME

AIDA Ayuda, Intercambio y Desarrollo  
Arquitectura Sen Fronteiras  
Asociación Amigos da Terra  
Asemblea de Cooperación pola Paz  
Asociación Galega de Reporteiros Solidarios  
Asociación Enxeñería sen Fronteiras Galicia  
Asociación Natura Hispánica  
Asociación PROYDE  
Cooperación Internacional  
Ecodesarrollo Gaia  
Ecos do Sur  
Farmacéuticos Mundi  
Fundación Ayuda en Acción  
Fundación Balms para la Infancia  
Fundación Educo  
Fundación Entreculturas Fe y Alegría  
Fundación Fabre  
Fundación InteRed  
Fundación Internacional de Solidaridad Compañía de María  
Fundación Jóvenes y Desarrollo  
Fundación MadreSelva  
Fundación Oxfam Intermon  
Fundación SEMG Solidaria  
Fundación Taller de Solidaridad  
Fundación Tierra de Hombres  
Implicadas no Desenvolvemento  
Mans Unidas  
Médicos do Mundo  
ONG Mestura  
ONG Mi Perú  
Semilla para el Cambio  
Solidariedade Galega  
Solidariedade Internacional de Galicia  
Viraventos



# O TRABALLO DAS ONGD GALEGAS NO MUNDO

**INFORME 2018 da Coordinadora Galega de ONGD**